

2 Explica por escrito como se sentiu Manuel María o seu primeiro día de escola.

3 Cada alumno/a tentará lembrar o seu primeiro día na escola. Logo, de xeito ordenado, poñeredes en común cada experiencia para valorala. Cada compañeiro intentará pórllle tres adxectivos que cualifiquen esa primeira xornada de clase.

4 Leamos agora, con detemento e boa atención, outra impresión da escola de Rábade (1940):

"A escola estaba totalmente atestada de rapaces. Había veces que chegabamos a oitenta. O noso mestre voltábase tolo para manter a disciplina. O mestre era un home "ao vello xeito". Usaba e aínda abusaba do caiado cando era preciso, nembargantes era un gran pedagogo.

Por aquelas datas non se escribía unha soa liña en galego nos nosos xornais, nin se vían libros galegos por ningunha banda. A guerra civil estaba aínda moi recente, tan recente que aínda semellaba que se estaba vivindo. O galego estaba prohibido en todas as escolas. Pois ben: o noso mestre - o Mestre- adicaba as clases dos sábados pola tarde a ler en galego. Ía sacando os alumnos máis avantaxados ao pé da súa mesa. E, dende alí, para toda a clase e en voz outa, mandáballe ler ao alumno que fora, un poema ou un conto en galego. Despois de feita a lectura, comentábmolo e discutíámolo...

Eu tiven, pois, a sorte, e os meus compañeiros de escola o mesmo, de coñecer os nosos grandes escritores dende a escola primaria".

a) Define coas túas palabras os seguintes conceptos. Se fose inevitábel, emprega o dicionario:

 atestada: _____

 caiado: _____

 outa: _____

b) Analiza as semellanzas e as diferenzas que hai entre a experiencia escolar de Outeiro de Rei e a de Rábade.

Semellanzas:

Diferenzas:

5 Un de vós lerá agora en voz alta, como facía Manuel María, este poema para logo responder todos por escrito as cuestións finais:



Manuel María con trece anos

Poema da infancia perdida

*A infancia é a miña patria
verdadeira.
O meu paraíso perdido.*

*Lembro a pureza dos meus soños.
O pasmo que me causaban
as estrelas.
As paisaxes que quedaron
nos meus ollos.
Os contos do avó.
A doce voz de miña nai.
As verbas de meu pai.
Os xogos compartidos
cos irmaos.
E tantas cousas fondas
que forman parte inseparábel
de min mesmo.*

*Aquela pureza xa non é
e teño soedade
daquel neno sinxelo
que antes fun.*

*¡Deixádeme ser triste
ou senón
voltádeme outra vez
a miña infancia!*

Mar maior, 1963

a) Que significa a lembranza da infancia para o poeta?

b) En que estado se encontra no momento presente en que a recorda?

c) Anota os exemplos que aches no poema das seguintes categorías gramaticais:

-  substantivo: _____
-  adxectivo: _____
-  pronome demostrativo: _____
-  pronome posesivo: _____
-  adverbio de tempo: _____
-  preposición: _____
-  contracción: _____

